

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1.- Que o monte "LADAIRO", LU-2010 como pertencente as parroquias de Villarmeá, Pradedá, Entrambasaguas e outras, foi consorciado polo Concello de Gundín co Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2°.- Que o 31 de marzo de 1978, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "LADAIRO" pertencente á Comunidade integrada por veciños da parroquia de Vilameá, municipio de Guntín. publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 165, do xoves 20 de xullo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

3°.- Que o 30 do pasado mes de maio a Xunta Rectora de dita Comunidade, conforme có acordado por esta reunida en Asemblea Xeral o día 12 do mesmo mes, acordou:

-proponer á Consellería de Agricultura, Gandería e Monte a sinatura dun Convenio que afectase as 36,50 Hás. da sua propiedade, incluídas no Consorcio do monte "LADAIRO", LU-2010.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte lle afecta, anule e substitúa o Consorcio e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4°.- Que en consecuencia, o novo monte "LADAIRO" queda consituído por:

36,50 Hás. do monte "LADAIRO", LU-2010.

5°.- Que ten por finalidade o convenio a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

6°.- Que as superficies do monte "LADAIRO", LU-2010, eran:

superficie total.	545,00 Hás.
superficie repoboada	511,00 "
superficie inforestal	34,00 "

Como o consorcio tivo as seguintes rescisións ou conversions a Convenio:

Motivo	Superficie total	Superficie repoboada	Superficie inforestal
Rescisión Comunidade Ferreira	135,00Hás.	126,00Hás.	9,00 Hás.
Rescisión Comunidade Vilame- relle.	92,50 "	87,00 "	5,5 "
Rescisión Comunidade Guntín	89,00 "	85,00 "	4,00 "
Convenio m/"DE ENTRAMBASAGUAS"			
2715581	24,00 "	23,00 "	1,00 "
Convenio m/"DE PRADEDA", ---			
2715703	100,00 "	100,00 "	-
Convenio m/"DE ZOLLE",			
2715751	43,00 "	37,00 "	6,00 "
Rescisión Comunidade de Zolle	15,00 "	15,00 "	-
Convenio m/"DE SANTA UXIA", ..			
2715767	10,00 "	10,00 "	-
TOTAL.	508,50 Hás.	483,00Hás.	25,50 Has.

as superficies actuais, son:

superficie total.	36,50 Hás.
superficie repoboada.....	28,00 "
superficie inforestal....	8,50 "

O Convenio do novo monte "LADAIRO", pasan a totalidade, é dicir:

superficie total.	36,50 Hás.
superficie repoboada	28,00 "
superficie inforestal	8,50 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "LADAIRO" LU-2210.-

Conforme cas Certificacións que se adxuntan, son as seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	11.666.144.-Ptas.
rescisión Comunidade de Ferreira.	1.848.336,- "
rescisión Comunidade de Vilamerrelle...	1.267.047,- "
rescisión Comunidade de Guntín.....	1.376.283,- "
Convenio m/"DE ENTRAMBASAGUAS",2715581	372.406.- "
Convenio m/"DE PRADEDA", 2715703.	3.001.936.- "
Convenio m/"DE ZOLLE", 2715751.	1.987.848.- "
Convenio m/"DE SANTA UXIA", 2715767 ...	382.278,- "
saldo actual:	1.430.010.- "
o 31-12-1978, ano en que se clasificou como en man común o monte da Comunida- de de Vilameá.	6.789.385,- Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda a lei de Galicia 13/1989, de 10 de outubro:

28 x 1.430.010 - 28 x 6.789.385,- Ptas. 1.057.989.-Pts.

b) Ingresos:

o 31-12-1995: Administración	18.312.584.-	
Deputación	<u>6.311.929.-</u>	
Total.		24.624.513.-Pta
Rescisión Comunidade de Ferreira		3.346.023.-"
Rescisión Comunidade de Vilamerelle.		2.293.721.-"
Rescisión Comunidade de Guntín.....		5.037.577.-"
Convenio m/"DE ENTRAMBASAGUAS", 2715581....		1.448.647.-"
Convenio m/"DE PRADEDA", 2715703.		6.298.464,-"
Convenio m/DE ZOLLE", 2715751.		3.275.201.-"
Convenio m/"DE SANTA UXIA", 2715667.		629.847.-"
saldo actual:		2.295.033,-"

8°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "LADAIRO", LU-2010, pasan a conta do Convenio do monte "LADAIRO", son:

a) GASTOS:

Traballos:	1.057.989.-Ptas.
administración <u>7,85</u> x 1.057.989,-Ptas.	83.052.- "
100	
gardería: 28 Hás. x 810.-Ptas./Há. ...	22.680.- "
TOTAL GASTOS.	1.163.721,-Ptas.

b) INGRESOS:

<u>28 Hás.</u> x 2.295.033,-Ptas.	<u>2.295.033,-Ptas</u>
28 Hás.	
TOTAL INGRESOS	2.295.033.-Pta

9°.- E como os ingresos son superiores ós gstos, a conta do Convenio do monte "LADAIRO", se abre cun saldo de:

..... 0.-Ptas.
=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte: "LADAIRO".

Elenco: 2715861.

Superficie: 36,50 Hás.

Pertenza: Comunidade de Vilameá.

Concello: Guntín.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "LADAIRO", 2715681, se abra cun saldo de 0.- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "LADAIRO" LU-2010 con posterioridade a data de seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "LADAIRO".

Elenco: LU-2010.

Superficie 36,50 Hás.

Pertenza: Parroquia de Vilameá.

Concello: Guntín.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación do consorcio LU-2010 do monte "LADAIRO", nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Vilameá (Concello de Guntín-Lugo), propietaria do monte veciñal en man común denominado "LADAIRO" dunha superficie de 36,50 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular official stamp of the Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, with the text 'CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES' and 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL'. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in blue ink that reads 'María Díz'.

Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "LADAIRO".
Elenco: 2715861.
Superficie: 36,50 Has.
Pertenza. Comunidade de Vilameá.
Concello: Guntín.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1% anual.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "LADAIRO", 2715861, se abra cun saldo de 0,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "LADAIRO", LU-2010, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "LADAIRO".
Elenco: LU-2010.
Superficie: 36,50 Hás.
Pertenza: Parroquia de Vilameá.
Concello: Guntín.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5861
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos
noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación de, Conselleiro de Agricultura,
Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde de 13.12.1993.

Da outra, D. JOSE LUIS BASADRE RODRIGUEZ, como representante
da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "LADAIRO"
....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerá polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas
do
para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada por veciños de Vilameá, termo municipal de Guntín

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "LADAIRO".

Termo municipal: Guntín.

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencente a veciños de Vilameá, termo municipal de Guntín.

Límites:

N.: Propiedades particulares;

S.: Monte "DE PRADEDA", 2715703;

S.: Monte "DE GUNTIN", 2715013 e

O.: Monte "DE ENTRAMBASAGUAS", 2715581.

Superficie: 36,50 (TRINTA E SEIS CON CINCOENTA) Hás.

Estado forestal: 28 (VINTEOITO) Hás. repoboadas e 8,50 (OITO CON CINCOENTA) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 28 (VINTEOITO) Hás.

Sen vexetación arbórea: 8,50 (OITO CON CINCOENTA) Hás. inforestais.

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada por veciños de Vilameá, termo municipal de Guntín

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 36,50 Hás. do monte "LADAIRO", LU-2010.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe à persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie utilizada para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ O monte está repoboado con P. pinaster e P. radiata.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " LADAIRO ", veciños da parroquia de Vilameá, concello de GUNTÍN - Rexistrados co nº 0491, data do rexistro 18-12-95.—

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ LUIS BASADRE RODRÍGUEZ, e Don JOSÉ JUL RODRÍGUEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica ó 28-11-99

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 27 de maio de 1996.



Don JOSE JUL RODRIGUEZ, Secretario de Comunidade de Vilameá, termo municipal de Guntín.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12 de Maio de 1.996 estando designado Don JOSE LUIS BASADRE RODRIGUEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vilameá (Guntín) a trinta de Maio de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: José Luis Basadre Rodriguez.

Asdo.: José Jul Rodriguez.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ COUTO+ JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Luis Basadre Rodriguez.



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez (0.do13/12/9

D. José Luis Basadre Rodriguez.
D. José Jul Rodriguez.
D. Avelino Varela Varela.
D. José Carreira Barreiro.

En Vilameá, término municipal de Guntín, siendo las trece horas del día 30 de Mayo de 1.996, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Vilameá, cuya relación figura al margen.

Cumplíendose la mayoría reglamentaria, por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la Comunidad, en Asamblea General celebrada el 12 del mes en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 36,50 Hás., de su propiedad, incluidas en el Consorcio del monte "LADAIRO", suscrito por el Ayuntamiento de Guntín con el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con lo que las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "LADAIRO".

Superficie: 36,50 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;
E.- Monte "DE PRADEDA";
S.- Monte "DE GUNTIN" y
O.- Monte "DE ENTRAMBASAGUAS".

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "LADAIRO".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.



El Jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo informa lo siguiente:

1º.- El monte “LADAIRO”, LU-2010, como perteneciente a las parroquias de Villarmeá, Pradedá, Entrambasaguas y otras, fue consorciado por el Ayuntamiento de Guntín con el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excmá. Diputación Provincial de Lugo.

2º.- El 31 de Marzo de 1.978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tomó el Acuerdo de clasificar como tal el denominado “LADAIRO”, perteneciente a la Comunidad integrada por vecinos de la parroquia de Vilameá, municipio de Guntín. Publicado dicho Acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia, nº 165, del jueves 20 de Julio del mismo año, no se presentó ni interpuso recurso alguno contra él, por lo que es firme.

3º.- El 30 de Mayo de 1.996, la Junta Rectora de dicha Comunidad, conforme con lo acordado por ésta reunida en Asamablea General el día 12 del mismo mes, acordó:

- proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, la firma de un Convenio que afectase a las 36,50 Hás de su propiedad, incluídas en el Consorcio del monte “LADAIRO”, LU-2010,
- solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio y
- autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

4º.- En fecha 4 de Septiembre de 1.996, fue firmado el Convenio del monte “LADAIRO”, 2715861, suscrito por la citada Comunidad y la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

5º.- En consecuencia, el nuevo monte “LADAIRO” quedó constituído por:

36,50 Hás del monte “LADAIRO”, LU-2010.

6º.- Seguía teniendo por finalidad el Convenio la incorporación del vuelo y las obras auxiliares creadas al amparo del Consorcio, la conservación y tratamiento selvícola de las masas creadas, su aprovechamiento y la ejecución de las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con tales fines.



7º.- En la actualidad, el estado forestal del monte, es el siguiente:

P. radiata de 3 a 4 años.....	9,3 Hás
P. radiata de 8 a 12 años.....	7,0 “
P. radiata de 9 a 15 años.....	0,5 “
P. radiata de 25 a 30 años.....	8,0 “
P. pinaster de regeneración.....	3,0 “
E. glóbulus.....	4,7 “
Rasa.....	4,0 “
TOTAL.....	36,5 Hás

Los saldos actualizados de las cuentas del Convenio, ascienden a:

Gastos..... 16.440,55 €

Ingresos..... 6.060,49 €

8º.- Y la cantidad pendiente de amortizar por la Comunidad es de:

16.440,55 euros - 6.060,45 euros..... 10.380,06 €

9º.- El 17 de Marzo del año en curso, se puso en conocimiento del Sr. Presidente de la Comunidad de Vilameá, la cantidad que tenía que abonar, previamente a la Resolución del Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente y la cuenta en la que debía hacerlo.

10º.- Los 10.380,06 € fueron ingresados por la Comunidad propietaria el 21 de Abril de 2003.

El 5 del mes en curso, esta Jefatura, transfirió tal cantidad a la c/c de la Xunta de Galicia en la Caja de Ahorros de Santiago de Compostela.

En escrito de fecha 20 de octubre de 2003 el Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo informa, que la Comunidad propietaria una vez cancelado el Convenio no pretende continuar con la producción forestal, sino que se cambiará a pastizal, por lo que no parece congruente exigir la redacción de un Plan Técnico de Gestión y Aprovechamiento forestal del monte.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela



Por todo ello, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se rescinda totalmente el Convenio de las siguientes características:

Nombre del monte: "**LADAIRO**"
Elenco: 2715861
Superficie: 36,5 Hás
Pertinencia: Comunidad de Vilameá
Término municipal: Guntín

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2003

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



Teodoro Arribas Serrano.

**Visto e praxe
O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-**



En contestación a súa solicitude de novo informe relativo á rescisión do convenio con nº de elenco 2715861, do monte veciñal en man común "LADAIRO", cunha superficie de 36,5 has., e propiedade dos veciños de Guntín, e concretamente sobre a posibilidade de que a rescisión sexa efectiva sen que por parte dos propietarios se presente un Plan Técnico de aproveitamento e xestión do monte, esta Sección Xurídica considera que, tal e como se indicou no informe de data 12 de setembro de 2003, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e no artigo 49 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no presente suposto sería necesaria a presentación e aprobación do citado Plan para que resultase efectiva a rescisión solicitada.

Sen embargo, e tal e como se estableceu no anterior informe, e de conformidade co disposto no citado artigo 49 do Regulamento de montes veciñais en man común *"se a superficie arborada do monte estivese comprendida entre 25 e 250 has., requirirase que os aproveitamentos citados se realicen conforme a un plan técnico ó que se deberán acomoda-las licencias correspondentes, salvo razóns extraordinarias, apreciadas pola Administración"*.

En consecuencia, esta Sección Xurídica considera que sería posible a rescisión do convenio do monte "LADAIRO", sen que por parte da comunidade propietaria fora presentado un Plan Técnico de aproveitamento e xestión do monte, sempre que a Administración considere que concurren circunstancias de carácter extraordinario, que non procede valorar no presente informe, que xustifiquen a exención do citado requisito.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,
Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2003.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-la rescisión total do Convenio das seguintes características:

Nome do monte: “**LADAIRO**”
Elenco: 2715861
Superficie: 36,5 Hás
Pertenza: Comunidade de Vilameá
Concello: Guntín

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2003

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,



Justo de Benito Basanta

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.
Santiago de Compostela.-